




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Os planos de estudio das titulacións de Filoloxía impartidas pola Facultade de Filoloxía desta Universidade foron homologados polo Consello de Universidades por acordo da súa Comisión Académica de data 3 de abril de 2000. Nalgúns deles establécese que os alumnos deben realizar un número de créditos "*optativos específicos*" para obter a titulación correspondente. Estes créditos optativos específicos deben ser cursados de entre un grupo de "*materias optativas específicas*" definidas no plano de estudos.

As materias optativas destes planos de estudio non están vinculadas ó ciclo, senón ó plano e na estrutura xeral e organización dos planos (Anexo III) non se establece ningunha diferenciación entre créditos optativos e créditos específicos nin tampouco se indica os que deban cursar os alumnos en cada ciclo.

En tanto que estas titulacións se estruturan como ensinanzas de primeiro e segundo ciclo, un número importante de alumnos acceden directamente, de acordo coa normativa vixente, a un segundo ciclo dunha titulación despois de completar outra titulación ou outro primeiro ciclo de filoloxía. Cando así ocorre, os **créditos optativos** que establece o plano de estudos para este segundo ciclo, nalgúns casos, **son menos que o número de créditos "optativos específicos"** establecidos no plano para a obtención da titulación.

Co obxecto de non obrigar ós alumnos que accedan a un segundo ciclo de Filoloxía a realizar máis créditos optativos dos que figuran no plano de estudos para ese segundo ciclo, logo da consulta ó Consello de Universidades e segundo o informe do Centro,

RESOLVO

1. O número mínimo esixido de créditos optativos específicos para os alumnos que acceden a un segundo ciclo de Filoloxía que contemple a realización de créditos optativos específicos será o 60% do número de créditos optativos que a titulación teña adscritos (a efectos de distribución e cómputo) ó segundo ciclo.
2. No caso de que ó alumno lle sexan validados créditos optativos por materias cursadas no segundo ciclo de orixe, e os que lle resten por cursar sexan en número inferior a ese 60%, deberá cursar no segundo ciclo ó que accede todos os créditos optativos que lle resten (pero só eses) dentro do bloque correspondente ás materias optativas específicas da titulación.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2002

O RECTOR

Dario Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE.